



**REVOLUTION**

**DEPORTE  
PARA**

**INCONFORMISTAS**

**edita**

Servizo de Deportes, Universidade de Vigo

**deseño e maquetación**

magenta

**imprime**

hrd print

**depósito legal**

	<b>1. ACTIVIDADES DE LECER E INICIACIÓN DEPORTIVA</b>			<b>6. EVENTOS</b>
6	1.1. Escolas deportivas		19	6.1. Organizados polo Servizo de Deportes
6	1.2. Outros cursos e actividades de iniciación		20	6.2. Coa colaboración do Servizo de Deportes
	<b>2. ACTIVIDADES NA NATUREZA</b>		21	6.3. Sedes doutras actividades e eventos
8	2.1. Rutas a pé			<b>7. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E DIVULGACIÓN</b>
8	2.2. Delecer: natureza e aventura		24	7.1. Programa de recoñecemento de créditos por práctica deportiva
8	2.3. Augaventura Campus Mar Life.		24	7.2. Bolsas e prácticas do alumnado
8	2.4. Actividades na neve		25	7.3. Participación en congresos e xornadas
	<b>3. DEPORTE E SAÚDE</b>			<b>8. OUTRAS ACTUACIÓNS</b>
9	3.1. Exercicio físico personalizado		27	8.1. Calidade
9	3.2. Medicina deportiva		27	8.2. Internacionalización
10	3.3. Fisioterapia		28	8.3. Igualdade
10	3.4. Proxecto Campus de Ourense saudable, Campus ConVida		28	8.4. Xestión ambiental
10	3.5. Outras actuacións		28	8.5. Formación do persoal
	<b>4. COMPETICIÓNS UNIVERSITARIAS</b>		29	8.6. Recoñecementos recibidos
11	4.1. Competicións internas			<b>9. SERVIZOS E VANTAXES</b>
11	4.1.1. Ligas universitarias		30	9.1. Tarxetas deportivas universitarias
12	4.1.2. Copa Fair Play		31	9.2. Tarxetas Ponte en forma
13	4.1.3. Baloncesto 3x3		32	9.3. Centros deportivos abertos
13	4.1.4. Campionatos individuais		32	9.4. Descontos para a comunidade universitaria
13	4.2. Campionatos galegos interuniversitarios			<b>10. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS</b>
13	4.2.1. Campionato Galego Universitario de Xadrez		33	10.1. Xestionadas polo Servizo de Deportes
14	4.2.2. Campionato Galego Universitario de Deportes Colectivos		35	10.2. Relación de entidades usuarias
14	4.2.3. Campionato Galego Universitario de Natación		35	10.3. Centro Deportivo Universitario (AQA Ourense e CDU AQA Vigo).
14	4.3. Campionatos de España		37	10.4. Espazos non convencionais
15	4.4. XXVI Xogos Deportivos Universitarios Galaico-Durienses		38	<b>11. COMUNICACIÓN WEB E REDES SOCIAIS</b>
	<b>5. SECCIÓNS FEDERADAS</b>		39	<b>12. ARQUIVO DE PRENSA</b>
16	5.1. Campus de Ourense			
17	5.2. Campus de Vigo			





**MOTIVACIÓN  
INTERNACIONALIZACIÓN**

**CAMPUS SAUDABLES**



**IGUALDADE**



**GESTIÓN AMBIENTAL**

Servizo de Deportes  
Universidade de Vigo  
  
[www.deportes.uvigo.es](http://www.deportes.uvigo.es)



**EXCELENCIA**



Servizo de Deportes  
Universidade de Vigo  
**TEMPO DE LECER**

**XOGO LIMPO**

**EXERCICIO PERSONALIZADO**





*Estas páxinas representan o rendemento dun servizo en evolución, que se adapta a novas demandas e necesidades, traballando a partir de liñas de actuación marcadas pola institución en que se insire. Igualdade de xénero, preocupación medioambiental, internacionalización, configuración de campus máis activos e saudables, orientación á calidade e á excelencia e estratexia de colaboración con outros departamentos e servizos, marcan algunhas das principais actuacións.*

*Así, esta memoria avanza a través dunha orde relacionada coas prioridades. Empeza polos programas que serven de estímulo para o achegamento á práctica deportiva (lecer e iniciación deportiva e actividades na natureza); continúa facendo balance dos recursos e o rendemento da Área de Saúde; achégase ás variadas posibilidades, con distintos niveis de esixencia, que se abren á competición deportiva (internas, interuniversitarias e federadas); recolle os eventos nos que o Servizo de Deportes colabora e os que organiza; detense na achega á formación do alumnado a través de prácticas preprofesionais e mesmo no valor educativo da actividade deportiva; destaca as actuacións en materias relevantes como o medio natural, a internacionalización, o estudo da calidade percibida polas persoas usuarias ou a formación do persoal propio; e, para rematar, fai mención das instalacións e servizos propios desde o punto de vista das posibilidades de uso e as vantaxes que estes representan para a comunidade universitaria e a súa contorna.*

**Manuel Fernández Iglesias**

Vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

# 1. ACTIVIDADES DE LECER E INICIACION DEPORTIVA



*No espírito do noso servizo está o de facilitar o achegamento das nosas usuarias e usuarios a modalidades deportivas que non sempre tiveron ao seu alcance, co obxectivo de introducir hábitos deportivos saudables moi afastados dos simplemente competitivos.*



## Curso de iniciación ao rugby feminino (outubro-novembro)

Dez universitarias participaron nesta actividade de achegamento ao deporte do rugby, en que recibiron de técnicos do Club Universidade de Vigo formación teórica-práctica deste deporte e que rematou coa disputa dun torneo entre as participantes do curso e algunhas xogadoras doutros clubs da provincia. As participantes recibiron ao final da súa formación un título acreditativo coa validación dun crédito ECTS, como complemento á súa formación académica.

## Prepara os 10 km cidade universitaria (de decembro a marzo)

Dez membros da comunidade universitaria participaron no plan de preparación para carreira que se desenvolveu o 10 de marzo de 2013. O plan estivo dirixido a persoas que non participan habitualmente en carreiras de fondo ou que precisaban axuda para afrontar por primeira vez o reto dos 10 km. Incluíu unha sesión presencial de adestramento semanal no parque de Castrelos de Vigo. A persoa responsable foi Jorge Castro, adestrador nacional de atletismo e técnico do equipo de carreiras populares da Universidade de Vigo.

## 1.1. ESCOLAS DEPORTIVAS

Máis de 40 actividades diferentes e preto de 1200 persoas conformaron un ano máis o programa estrela do Servizo de Deportes nos tres campus. Dúas son as posibilidades de aprendizaxe de habilidades deportivas con fins recreativos: escolas deportivas e centros deportivos abertos.

A oferta inclúe múltiples horarios e gran cantidade de centros, para que as usuarias e usuarios poidan escoller entre moitas posibilidades e que o deporte sexa un complemento á súa vida universitaria, e non un obstáculo.

Neste curso houbo 1200 inscricións no conxunto dos tres campus, das cales 612 foron mulleres e 425 homes.

En Ourense as actividades con máis demanda foron tenis e ciclo indoor. En Pontevedra, como vén sendo habitual, musculación e aeróbic. As actividades con máis demanda en Vigo foron tenis, ioga e natación.

## 1.2. OUTROS CURSOS E ACTIVIDADES DE INICIACIÓN

### CAMPUS DE PONTEVEDRA

#### Curso de iniciación á esgrima (de abril a xuño)

Desenvolveuse no pavillón universitario de Pontevedra e impartíuno o adestrador da Escola Hungaresa de Pontevedra, Adrián Cubela. Contou coa asistencia de seis persoas, cinco alumnos e unha alumna.

### CAMPUS DE VIGO

#### Escola de tenis para nenas e nenos

Nun ambiente moi lúdico e distendido, nenas e nenos de idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos recibiron clases adaptadas á súa idade e nivel, durante as fins de semana. Na súa sexta edición esta actividade tivo un aumento respecto ao ano anterior e chegou a ter un total de 18 alumnos. Un dos alumnos logrou os títulos de

## 1. ACTIVIDADES DE LECER E INICIACIÓN DEPORTIVA



OURENSE	1º CUADRIMESTRE		2º CUADRIMESTRE		TOTAL
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	
ADESTRAMENTO PERSOAL	-	-	Homes	3	3
AERÓBIC	-	6	-	6	12
AEROJUMP	-	15	-	15	30
AQUAGYM	-	1	-	1	2
ARTES MARCIAIS	1	-	-	-	1
BOOT CAMP	-	18	-	21	39
BOX TRAINING	2	-	-	-	4
BREAKDANCE	-	1	2	1	2
CICLO INDOOR	8	12	-	12	43
CIRCUIT FIT	12	-	11	2	29
DEFENSA PERSOAL	9	-	15	-	14
DANZAS ORIENTAIS	-	6	5	6	12
FITNESS	-	10	-	17	27
GOLF	-	1	-	1	2
HAPKIDO	-	-	-	-	2
IOGA	-	3	2	2	5
IUDO	2	1	-	1	7
JIU-JITSU	2	-	3	-	3
NATACIÓN	14	7	1	7	37
PÁDEL	-	-	9	-	1
PILATES	1	21	1	18	41
POWER DUMBELL	-	17	1	24	41
RITMOS LATINOS	1	14	-	11	28
RUGBY	3	2	2	-	9
TAICHÍ	1	2	4	2	5
TENIS	28	25	-	18	98
VOLEIBOL	6	6	27	7	25
WUSHU	4	1	6	1	9
XADREZ	3	2	3	2	10
<b>TOTAL</b>	<b>97</b>	<b>171</b>	<b>3</b>	<b>178</b>	<b>541</b>

PONTEVEDRA	1º CUADRIMESTRE		2º CUADRIMESTRE		TOTAL
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	
ARTES MARCIAIS MIXTAS	5	3	7	3	18
MUSCULACIÓN	16	12	14	18	60
NATACIÓN	3	9	4	4	20
PILATES	1	7	-	8	16
TAEKWONDO	1	-	1	-	2
TAICHÍ	1	7	1	7	16
AERÓBIC	-	25	-	21	46
KARATE	-	1	-	-	1
<b>TOTAL</b>	<b>27</b>	<b>64</b>	<b>27</b>	<b>61</b>	<b>179</b>

VIGO	1º CUADRIMESTRE		2º CUADRIMESTRE		TOTAL
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	
IOGA	4	25	7	29	65
MEDITACIÓN	2	3	5	7	17
TENIS	27	12	31	15	85
XADREZ	33	9	-	-	42
ATLETISMO	6	2	12	2	22
ORIENTACIÓN E GPS	-	1	-	-	1
AQUAGYM	-	4	-	-	4
NATACIÓN	27	12	17	12	68
SQUASH	8	5	-	-	13
<b>TOTAL</b>	<b>107</b>	<b>73</b>	<b>72</b>	<b>65</b>	<b>317</b>

## 2. ACTIVIDADES NA NATUREZA



*Deporte e natureza é un binomio de vital importancia na vida de calquera persoa. Ofrécenos vantaxes únicas para mellorar a calidade de vida adquirindo hábitos saudables, favorecendo as relacións persoais entre as persoas que participan, ocupando o noso tempo de lecer, ademais de aprender a respectar e coidar a natureza. Con este espírito deseñamos diversos programas e actividades para que a comunidade universitaria se achegara ao medio natural en colaboración con diversas empresas especializadas.*

### 2.1. RUTAS A PÉ

#### PROGRAMA DE RUTAS CULTURAIS

Neste programa, que destaca por centrarse no coñecemento do medio e que celebrou a 13.<sup>a</sup> edición, participaron 485 persoas. Foron un total de 11 saídas nas cales un equipo de catro persoas, entre as que estaba un guía ou un docente de historia, amosaron algúns dos recantos con máis atractivo das provincias de Ourense, Lugo e Pontevedra. O desenvolvemento do programa correspondeu, como é habitual, ao Club Universitario de Cultura e Ocio (CUCO) de Ourense.

A quilometraxe e a dificultade foron en progresión, para que os participantes puidesen adaptarse, de forma que se comezou por rutas de 17 km ata os 27 km e con dificultade baixas, media ou alta.

Cada participante contou coa posibilidade de descargar os percorridos para GPS, mapas, perfís e fotografías antes e despois de cada saída a través da web do Servizo de Deportes e dun blog creado para este programa.

#### ANDAINA DO PERSOAL DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA (4 DE MAIO)

Esta primeira andaina xurdiu coa intención de substituír o programa de actividades de competición para o PDI e o PAS por un tipo de actividade máis saudable e participativa. A ruta escollida foi o primeiro tramo do Camiño Xacobeo entre Santiago e Fisterra, con saída na localidade de Ventosa e remate na praza do Obradoiro: un total de 15 km. Participaron 50 persoas pertencentes ás tres universidades de Galicia.



### 2.2. DELEÇER: NATUREZA E AVENTURA (MAIO-XUÑO)

Na 13.<sup>a</sup> edición do programa de ocio e tempo libre por excelencia, por primeira vez, as actividades realízanse nos meses de maio e xuño na procura das mellores condicións climatolóxicas e adaptación ao novo calendario escolar. Nesta ocasión ofertouse un programa de tres actividades onde participaron 47 persoas (24 mulleres e 23 homes). Como vén sendo habitual o parapente foi a actividade con máis aceptación. Durante o primeiro día de inscrición cubríronse a totalidade das prazas ofertadas. Novamente contou coa colaboración e profesionalidade de empresas de recoñecido prestixio no sector como o Club Nortada, Turnauga ou o Paracub Galsur.

### 2.3. AUGAVENTURA CAMPUS MAR LIFE. ACTIVIDADES NO MEDIO ACUÁTICO (EDICIÓN DE OUTONO E PRIMAVERA)

En outubro de 2011 o Servizo de Deportes e o Campus do Mar iniciaron unha alianza que foi pasando por distintas fases ata finalizar este curso 2012/2013 nun programa moi sólido con dúas edicións: outono e primavera, que pasou a denominarse Augaventura Campus Mar Life. Foron experiencias dun día para achegarlle o mar e o río a toda a comunidade universitaria, facendo posible coñecer os deportes acuáticos de maneira divertida e informal, grazas á implicación de empresas colaboradoras con moitos anos de experiencia no sector.

Na edición de outono presentouse un programa con catro actividades (surf, vela, mergullo e descenso de rápidos) en que participaron 86 persoas (55 mulleres e 31 homes); o surf foi a actividade máis demandada. Na edición de primavera ao programa incorporóuselle unha actividade máis, windsurf, e houbo unha participación de 133 persoas (75 mulleres e 58 homes).

### 2.4. ACTIVIDADES NA NEVE (XANEIRO-MARZO)

Por terceiro ano consecutivo e grazas ao acordo con Prado Surf Escola 77 universitarias e universitarios puideron vivir unha experiencia única nas estacións de montaña de San Isidro (León) en xaneiro e febreiro e Grandvalira (Andorra) en marzo. O programa orientado ao esquí e ao snowboard incluía todos os servizos: clases, material, remontes, desprazamentos, aloxamento e manutención.



## 3. DEPORTE E SAÚDE



*A Área de Saúde do Servizo de Deportes acadou este curso a homoxeneización dos seus servizos nos tres campus coa posta en marcha da Unidade de Fisioterapia no Campus de Pontevedra. A consolidación do proxecto Campus ConVida e unha maior colaboración cos diferentes departamentos, facultades e servizos son outros dos feitos destacados deste curso 2012/2013.*

### 3.2. MEDICINA DEPORTIVA CONSULTAS DE MEDICINA DEPORTIVA

As unidades de medicina deportiva dos tres campus teñen como meta principal garantir a seguridade na práctica de exercicio físico das persoas que o realizan. Para acadar este obxectivo trabállase en tres liñas prioritarias: análise do risco cardiovascular de todas as persoas usuarias do servizo, control regular e periódico dos programas Ponte en forma e oferta de servizos e asesoramento médico-deportivo puntual a calquera persoa que así o demande.

Durante este curso as persoas usuarias deste servizo realizaron un total de 518 consultas entre os tres campus, 45 máis que no curso anterior, o que mostra o incremento continuo no grao de aceptación que estes servizos están a acadar entre a comunidade universitaria.



### 3.1. EXERCICIO FÍSICO PERSONALIZADO

As unidades de actividade física desenvolveron un total de 745 programas personalizados de exercicio físico coas 270 persoas (60% homes e 40% mulleres) que demandaron estes servizos. Os tipos de programas máis solicitados foron os de condición física xeral (49,8 % do total) seguidos polos de iniciación ao exercicio (24,16 % do total). A distribución detallada do tipo de programas personalizados que se realizaron por campus e por xénero foi a seguinte:

EXERCICIO FÍSICO PERSONALIZADO	OURENSE			PONTEVEDRA			VIGO		
	TOTAL	MULLERS	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERS	HOMES
Iniciación ao exercicio físico	85	38	47	23	14	9	72	43	29
Condición física xeral	57	22	35	70	31	39	184	46	138
Perda de peso	25	12	13	23	14	9	41	22	19
Forza e hipertrofia	5	0	5	33	0	33	32	0	32
Deporte de competición	5	1	4	12	0	12	21	8	13
Recuperación de lesións	16	4	12	4	0	4	37	16	21
<b>TOTAL</b>	<b>193</b>	<b>77</b>	<b>116</b>	<b>165</b>	<b>59</b>	<b>106</b>	<b>387</b>	<b>135</b>	<b>252</b>

CONSULTAS DE MEDICINA DEPORTIVA	OURENSE			PONTEVEDRA			VIGO		
	TOTAL	MULLERS	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERS	HOMES
Consultas por lesión	17	4	13	2	1	3	15	7	8
Proba de esforzo	10	1	9	2	0	2	25	1	24
Consultas dietéticas	10	6	4	8	3	11	2	0	2
Antropometría	4	2	2	0	0	0	0	0	0
Revisión básica deportistas da Universidade de Vigo	38	12	26	0	0	0	20	3	17
Revisión Ponte en forma	97	38	59	62	27	89	175	67	108
<b>TOTAL</b>	<b>176</b>	<b>63</b>	<b>113</b>	<b>74</b>	<b>31</b>	<b>105</b>	<b>237</b>	<b>78</b>	<b>159</b>

### 3. DEPORTE E SAÚDE



#### CUESTIONARIOS DE SCREENING CARDIOVASCULAR

A Unidade de Medicina Deportiva realizou tamén a revisión dos cuestionarios de aptitude para o exercicio físico que todas as persoas usuarias deben cubrir antes de participar nalgunha das actividades do Servizo de Deportes. Un total de 276 persoas (11,64 % do total) mostraron antecedentes ou sinais de risco cardiovascular no seu cuestionario segundo as directrices do Colexio Americano de Medicina Deportiva (ACSM, 1998). Nestes casos a unidade de medicina deportiva púxose en contacto con elas para ofrecerlles a posibilidade de realizar un recoñecemento médico que aclarase a súa situación e garantise a seguridade da súa práctica deportiva.

#### 3.3. FISIOTERAPIA

A Unidade de Fisioterapia do Campus de Pontevedra púxose en marcha en abril do 2012 e súmase así ás de Vigo e Ourense, ao homoxeneizar deste xeito os servizos de saúde do Servizo de Deportes nos tres campus. En total, realizáronse 386 sesións de fisioterapia, 26 máis ca no curso anterior, que ocuparon case o 100 % do horario dispoñible do servizo.

#### 3.4. PROXECTO CAMPUS DE OURENSE SAUDABLE, CAMPUS CONVIDA

Este proxecto véñse desenvolvendo no campus ourensán desde o ano 2011 coa colaboración do Consello Social, a Vicerreitoría de Campus e as persoas que integran a comisión técnica do proxecto. Entre as actividades máis



destacadas están as edicións de outono e primavera dos Martes ConVida ou a organización dun obradoiro de coñiza e outro de mediadores en saúde.

Os Martes ConVida consisten nunha campaña itinerante de sensibilización sobre os estilos de vida saudables en que as persoas da comunidade universitaria poden avaliar diferentes aspectos da súa saúde (niveis de glicemia, tensión arterial ou composición corporal) e dos seus estilos de vida (dieta, exercicio físico, consumo de substancias nocivas ou sexualidade). Ademais, teñen a oportunidade de aclarar as súas dúbidas ou recibir consello sobre como acadar un estilo de vida máis saudable e activo.

#### 3.5. OUTRAS ACTUACIÓNS

##### PARTICIPACIÓN NA REDE ESPAÑOLA DE UNIVERSIDADE SAUDABLES (REUS)

A Universidade de Vigo continuou participando nesta iniciativa promovida polo Ministerio de Sanidade e Política Social, o Ministerio de Educación e a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE). As vinte e oito universidades e as nove consellarías autonómicas de saúde que conforman a REUS escolleron durante este curso o seu consello de dirección e participaron no VI Congreso Iberoamericano de Universidades Promotoras da Saúde que se celebrou en San Juan de Puerto Rico entre o 19 e o 21 de marzo do 2013.

CUESTIONARIOS DE SCREENING CARDIOVASCULAR	OURENSE		PONTEVEDRA		VIGO		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Cuestionarios revisados	172	100	587	100	1567	100	2320	100
Sen sinais de risco	136	79,1	456	81,9	1458	93,0	2050	88,36
Con sinais de risco	36	20,9	131	18,1	109	7,0	276	11,64

FISIOTERAPIA	OURENSE			PONTEVEDRA			VIGO		
	TOTAL	MULLERS	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERS	HOMES
Alumnado	37	17	20	9	0	9	17	9	8
PAS/PDI	139	73	66	9	0	0	171	104	67
Outros	12	3	9	9	0	0	1	1	0
<b>TOTAL</b>	<b>188</b>	<b>93</b>	<b>95</b>	<b>9</b>	<b>0</b>	<b>9</b>	<b>189</b>	<b>114</b>	<b>75</b>

## 4. COMPETICIÓN UNIVERSITARIAS



*O alumnado ten a posibilidade de tomar parte en competicións deportivas en modalidades individuais e de equipo, dentro da propia universidade de Vigo, xunto con outras universidades (Galicia, norte de Portugal, España) ou formando parte dos equipos que participan en competicións federadas. As modalidades e o nivel deportivo necesario son diversos, de maneira que a opción de competir está aberta a boa parte das persoas que queiran facelo aproveitando os recursos que facilita a Universidade de Vigo.*

### 4.1. COMPETICIÓN INTERNAS

#### 4.1.1. LIGAS UNIVERSITARIAS

O programa Ligas universitarias está dirixido ás persoas da comunidade universitaria e inclúe diversas modalidades deportivas de competición, que varían segundo o campus. Con el trátase de darlle resposta ao interese polos deportes de equipo ao tempo que se fomentan valores como a deportividade e o compañeirismo. De novo o regulamento das ligas incluíu un sistema de puntuación fair play, que promove o xogo limpo e castiga a falta de deportividade.

Adoita ser a actividade organizada desde o Servizo de Deportes que conta cunha maior participación por parte

CAMPUS DE OURENSE	Nº DE EQUIPOS	Nº DE PARTICIPANTES	EQUIPO GAÑADOR
Fútbol 7 masculino	12	133	Equipo Garden
Fútbol sala	20	164	Que Nivel Maribel
Baloncesto masculino	2	16	Lusco e Fusco
<b>TOTAL</b>	<b>32</b>	<b>293</b>	

CAMPUS DE PONTEVEDRA	Nº DE EQUIPOS	Nº DE PARTICIPANTES	EQUIPO GAÑADOR
Fútbol sala masculino	8	93	Los Manolos Sanchís
Fútbol sala feminino	2	21	Ifestas
Fútbol 7 masculino	10	104	Indomables
Baloncesto masculino	4	43	Spartans
Balónmán masculino	1	14	Uvigo II Parte
Voleibol mixto	2	16	Quetraya
<b>TOTAL</b>	<b>27</b>	<b>291</b>	



CAMPUS DE VIGO	Nº DE EQUIPOS	Nº DE PARTICIPANTES	EQUIPO GAÑADOR
Baloncesto masculino	10	120 homes	Cuvilingüe
Balónmán mixto	2	28 (14 homes e 14 mulleres)	Balónmán Cuviatas
Fútbol sala feminino	6	72 mulleres	Parrulas
Fútbol sala masculino	55	660 homes	Sogevinus/T. Espectáculo
Fútbol 7 masculino	44	704 homes	Pendiente 11 %
Voleibol mixto	3	36 (24 homes e 12 mulleres)	Oceanógrafos
<b>TOTAL</b>	<b>120</b>	<b>1620 (1522 homes e 98 mulleres)</b>	

## 4. COMPETICIÓNS UNIVERSITARIAS



do alumnado. Entre os tres campus, tomaron parte na fase regular das ligas 2204 persoas agrupadas en 179 equipos.

Os equipos vencedores da fase de campus (a previa) pasaron á fase final intercampus, que neste curso se disputou en Pontevedra.

### 4.1.2. COPA FAIR PLAY

Fase previa: 4 de marzo ao 5 de abril

Fase final: Campus de Ourense, 18 de abril

Os equipos que participaron nas ligas universitarias tiveron a oportunidade de disputar, logo de finalizar a fase intercampus, a Copa Fair Play, unha competición disputada polo sistema de copa, con enfrontamentos directos a un partido.

FINAL INTERCAMPUS	Nº DE EQUIPOS	Nº DE PARTICIPANTES	1º EQUIPO CLASIFICADO	2º EQUIPO CLASIFICADO
Fútbol	4	57	Indomables (Pontevedra)	Equipo Garden (Ourense)
Balonmán masculino	2	19	Parte 11 (Pontevedra)	Cuviatas (Vigo)
Fútbol sala feminino	2	16	Ifestas (Pontevedra)	Parrulas (Vigo)
Fútbol sala masculino	4	37	Toma Espectáculo (Vigo)	Tito FC (Vigo)
Baloncesto masculino	4	38	Sangra Bonito (Vigo)	Cuvilingüe (Vigo)
Voleibol masculino	2	15	Uniou (Ourense)	Quetraya (Pontevedra)
Voleibol feminino	2	15	Quetraya (Pontevedra)	Oceanógrafas (Vigo)
<b>TOTAL</b>	<b>22</b>	<b>197</b>		


CAMPUS DE OURENSE	Nº DE EQUIPOS	Nº DE PARTICIPANTES	EQUIPO GAÑADOR
Fútbol 7 masculino	9	128	1.º ESEI F. S.
Fútbol sala masculino	15	145	Chamba na Cona
<b>TOTAL</b>	<b>24</b>	<b>273</b>	

CAMPUS DE PONTEVEDRA	Nº DE EQUIPOS	Nº DE PARTICIPANTES	EQUIPO GAÑADOR
Fútbol sala masculino	5	53	Leitinhos Quentes
Fútbol 7 masculino	5	56	NothinghamPrisa
<b>TOTAL</b>	<b>10</b>	<b>109</b>	

CAMPUS DE VIGO	Nº DE EQUIPOS	Nº DE PARTICIPANTES	EQUIPO GAÑADOR
Fútbol sala feminino	6	48	Toliñas
Fútbol sala masculino	28	336	S. de Braga
Fútbol 7 masculino	26	416	YellowFever
<b>TOTAL</b>	<b>69</b>	<b>828</b> (780 homes e 48 mulleres)	

FINAL COPA FAIR PLAY	Nº DE EQUIPOS	Nº DE PARTICIPANTES	1º EQUIPO CLASIFICADO	2º EQUIPO CLASIFICADO	3º EQUIPO CLASIFICADO
Fútbol sala masculino	3	21	Ourense	Vigo	Pontevedra
Fútbol 7 masculino	3	27	Pontevedra	Vigo	Ourense
<b>TOTAL</b>	<b>6</b>	<b>48</b>			

## 4. COMPETICIÓNS UNIVERSITARIAS



### 4.1.3. BALONCESTO 3X3

Data: do 18 de febreiro ao 4 de marzo  
Lugar: pavillón universitario de Vigo  
Entidade colaboradora: delegación en Vigo da Federación Galega de Baloncesto  
Modalidades: masculino e feminino  
Equipos participantes: 10  
Clasificación:  
1.º clasificado: Sangra Bonito  
2.º clasificado: Cuvilíngüe  
3.º clasificado: Vigo City Thunders

### 4.1.4. CAMPIONATOS INDIVIDUAIS

#### Tenis

Datas: do 11 ao 15 de marzo (fase previa) e do 20 ao 22 de marzo (fase final)  
Lugar: pistas de tenis do Campus de Vigo  
Entidade colaboradora: Club de Tenis Cidade Olívica  
Modalidades: individual masculino e dobres masculinos  
Número de participantes: 33  
Clasificación:  
1.º clasificado IM: Jaime Fernández Rodríguez  
2.º clasificado IM: Rodrigo Figueroa Vázquez  
1.º clasificado DM: Carlos Rivas e Luis Pereiro  
2.º clasificado DM: Xosé Romero e Víctor García

#### Pádel

Data: do 11 ao 14 de marzo  
Lugar: cidade deportiva do Círculo Mercantil de Vigo  
Entidade colaboradora: Círculo Mercantil de Vigo  
Modalidades: mixto  
Número de participantes: 24  
Clasificación:  
1.º clasificado: Víctor García e Daniel Morales  
2.º clasificado: Hugo Belendas e Enrique Martínez

#### Squash

Data: 21 de marzo (fase final)  
Lugar: pavillón de deportes universitario do Campus de Ourense.  
Modalidades: individual masculino  
Número de participantes: 8  
Clasificación:  
1.º masculino: Miguel Mercé  
2.º masculino: René Lasstra  
3.º masculino: Jorge Pascual

### 4.2. CAMPIONATOS GALEGOS INTERUNIVERSITARIOS

#### 4.2.1. CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE XADREZ (A CORUÑA, 14 DE MARZO)

A Universidade de Vigo, un ano máis, foi a de maior representación con 39 xogadores: 32 na categoría de promoción e 7 na absoluta. A Universidade de Santiago de Compostela fíxose co primeiro posto da clasificación por universidades e coa meirande parte do podio no nivel individual.

PODIO ABSOLUTO	PODIO DE PROMOCIÓN	Clasificación por universidades
1.º Manoel Rodríguez (USC)	1.º Francisco Dguez. (UDC)	1.ª Santiago de Compostela
2.º Víctor Alonso (UDC)	2.º José Blanco (USC)	2.ª A Coruña
3.º Antonio Pazos (UDC)	3.º Óscar Chouciño (USC)	3.ª Vigo

## 4. COMPETIÇÕES UNIVERSITARIAS



### 4.2.2. CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE DEPORTES COLECTIVOS (SANTIAGO DE COMPOSTELA, 19 E 20 DE MARZO)

Ao longo de dúas xornadas disputáronse partidos en 11 competicións: fútbol sala masculino e feminino, voleibol masculino e feminino, fútbol 11 masculino, balonmán masculino e feminino, baloncesto masculino e feminino e rugby 7 masculino e feminino. Participaron no campionato un total de 65 xogadores e xogadoras pertencentes á Universidade de Vigo.

#### Clasificación acadada pola Universidade de Vigo:

- 1.º balonmán masculino: Campus de Pontevedra
- 1.º fútbol sala masculino: Toma Espectáculo (Campus de Vigo)
- 1.º fútbol sala feminino: Inefitas (Campus de Pontevedra)
- 3.º voleibol masculino: Campus de Ourense
- 2.º voleibol Feminino: Campus de Vigo

### 4.2.3. CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE NATACIÓN (FERROL, 7 DE MARZO)

Participantes: 20

#### Clasificación acadada pola Universidade de Vigo:

- 2.º clasificado en 50 m costas masculino: Pablo Balsa Pérez
- 1.ª clasificada en 50 m costas feminino: Sandra Presas Pérez
- 3.ª clasificada en 50 m costas feminino: Miriam Vicitez Porto
- 1.º clasificado en 50 m braza masculino: José Ramón Rey Rodríguez
- 1.ª clasificada en 50 m braza feminino: Laura Pimentel Pérez
- 2.º clasificado en 100 m braza masculino: Carlos AlvezRivas
- 3.º clasificado en 100 m braza masculino: José Ramón Rey Rodríguez
- 2.º clasificado en 100 m estilos masculino: Marc Ciurana Roca
- 1.ª clasificada en 100 m bolboretta feminino: Xenia Vilariño Garcia
- 3.ª clasificada en 100 m estilos feminino: Laura Pimentel Pérez
- 3.º clasificado en 100 m libre masculino: Roberto Valle Tenorio
- 1.ª clasificada en 100 m libre feminino: Xenia Vilariño Garcia
- 2.º clasificado en 100 m costas masculino: Pablo Balsa Pérez
- 1.ª clasificada en 100 m costas feminino: Sandra Presas Pérez
- 3.ª clasificada en 100 m costas feminino: Myriam Vicitez Porto
- 1.º clasificado en 200 m libre masculino: Adrián Blanco Pérez

#### Clasificación por universidades:

- 1.ª Universidade da Coruña con 297 puntos
- 2.ª Universidade de Vigo con 188 puntos
- 3.ª Universidade de Santiago de Compostela con 178 puntos

### 4.3. CAMPIONATOS DE ESPAÑA

Interviñeron 55 deportistas nas fases finais dos Campionatos de España Universitarios (CEU): 29 en deportes individuais e 26 en colectivos. Do total de participantes 13 eran mulleres e 42 homes.

#### Resumimos os resultados máis destacados:

#### CEU de Natación (Universidad Católica de Murcia, Murcia, do 3 ao 5 de abril)

O equipo vigués acadou un total de sete medallas que o situaron na décima posición dentro da clasificación por equipos con tan só sete deportistas. Sete rapaces, tres mulleres e catro homes, conformaron un equipo que co seu esforzo e entrega superou todos os resultados acadados na historia. Xenia Vilariño logrou unha prata en 400 libres e bronce en 200 bolboretta, Marc Ciurana prata en 400 estilos, prata en 800 estilos e bronce en 400 libres e, por último, Laura Pimentel dous bronces en 400 e 800 libres.

#### CEU de Atletismo en pista (Universidad de Extremadura, Cáceres, do 10 ao 12 de maio)

O equipo da Universidade de Vigo acadou catro podios no LXI Campionato de España Universitario cun equipo de oito atletas, catro mulleres e catro homes, nun ano de renovación do equipo. Un total de catro medallas, unha prata e tres bronces, repartidas do seguinte xeito: Víctor Gallego prata en lanzamento de disco e bronce en lanzamento de peso, Carmen Sánchez Parrondo bronce en lanzamento de xavelina e José Alfonso Palomanes bronce en triplo salto.

O máis salientable da nosa participación foi que José Alfonso Palomanes obtivo o récord galego de triplo salto cunha marca de 16,06 metros, superior á anterior marca de 16,05 m conseguida por Francisco Castrillo no ano 1974 que constituía o récord máis perdurable no atletismo galego.



Cómpre sinalar o quinto posto de Lucía Pérez en triplo salto, o sétimo de Ana Revuelta en lanzamento de disco e o quinto de Carlos Revuelta en lanzamento de martelo.

**CEU de Taekwondo (Universidad Politécnica de Cartagena, Los Alcázares [Murcia], do 17 ao 19 de maio)**

A Universidade de Vigo logrou por sexto ano, terceiro consecutivo, facerse co Campionato de España Universitario de Taekwondo por equipos. Catro ouros, unha prata e dous bronces son os metais que permitiron a revalidación do título e a admiración do resto de participantes, pois o equipo estaba conformado por só nove integrantes. Laura Lorenzo en minimosca, Lara Ouviaña en lixeiro, Borja Ríos en galo e Francisco Padín en pluma conseguiron cadansúa medalla de ouro. Raúl Bouzas acadou a prata en lixeiro, mentres que Janet Diéguez en pluma e Marta Colón en galo conseguiron bronces. O equipo de taekwondo da Universidade de Vigo está no podio dos estatais universitarios de xeito ininterrompido desde o ano 2002.



**4.4. XXVI XOGOS DEPORTIVOS UNIVERSITARIOS GALAICO-DURIENSES (MELGAÇO, 21 E 22 DE NOVEMBRO)**

Modalidades: baloncesto, voleibol e tenis de mesa mixtos

Participantes: Universidade da Coruña, Universidade de Vigo, Universidade do Porto, Universidade do Minho (Braga), Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro (Vila Real) e o Instituto Politécnico de Viana

Clasificación:

- 1.ª Universidade do Porto
- 2.ª Universidade do Minho
- 3.ª Universidade do Minho

## 5. SECCIÓNS FEDERADAS



### 5.1 CAMPUS DE OURENSE BALONCESTO

O equipo masculino rematou a tempada no 9.º posto da primeira división sénior.

O equipo feminino rematou no 3.º posto da primeira división autonómica feminina.

O equipo júnior rematou no 10.º posto da primeira júnior masculina. Os nosos júniors chegaron a semifinais na Copa Deputación e perderon nelas contra o COB.

### TENIS

Número total de licenzas federativas: 47 (37 homes e 10 mulleres).

Equipos:

#### - Absoluto masculino de segunda B

Clasificouse de primeiro no seu grupo despois de superar o Club Santo Domingo, o Chantada e o Club Tenis Barco. Na eliminatoria polo ascenso directo a segunda A non puido superar o 1.º equipo do Club de Campo de Vigo.

#### - Veterano +35

Nesta tempada acadou de novo o ascenso a primeira galega, polo que na próxima tempada competirá entre os 12 mellores equipos de Galicia.

#### - Veterano +45

Na eliminatoria directa polo ascenso non puido superar o C.T. Cangas, e logo na promoción foi superado polo CCD Sanxenxo.

#### - Absoluto feminino de segunda

O equipo, liderado pola súa capitana Raquel Guede, obtivo un meritorio 2.º posto.

O club organizou con notable éxito de participación tres torneos: III Torneo Social Acción contra a fame, II Torneo San Raimundo Peñafort e o máis vello XI Torneo Universitario. Hai que salientar tamén que o xogador Pablo Mosquera Pérez, formado no club, conseguiu o campionato galego absoluto de dobres.

### XADREZ

Número total de licenzas federativas: 19 (17 homes e 2 mulleres)

Equipos:

#### - Universitario Ourense A

Participou na primeira división galega. Clasificouse de primeiro no seu grupo e acadou o dereito a participar na máxima categoría galega, na división preferente.

#### - Universitario Ourense B

Participou na segunda división galega. Clasificáronse como sextos.

### RUGBY

Número total de licenzas federativas: 110 (86 homes e 24 mulleres)

Equipos:

#### - Masculino, con 47 fichas, xoga a Liga galega

Rematou a Liga en posto de promoción de descenso despois dunha mala segunda volta e tivo que xogar unha eliminatoria de permanencia contra Bierzo Rugby. Conseguiu a permanencia despois de gañar ambos partidos. Na copa clasificouse para a final, que finalmente non se disputou.

#### - Feminino, con 24 fichas, xoga a Liga galega

Conseguiu o segundo posto da Liga galega, o que lle deu a opción de xogar polo ascenso a división de honra xunto con outros sete equipos de toda España. Finalmente non lles foi posible acadar o ascenso.

#### - Cadete/infantís/alevín, conta con 39 membros

Conseguiu o segundo posto na Liga regular e clasificouse para a eliminatoria polo título. Nesta caeu eliminado en semifinais e xa non puido optar ao título.

O equipo infantil non competiu en liga debido ao limitado número de licenzas, pero disputou varios encontros amigables durante o ano.

O club xuntou a máis de cen rapaces e rapazas de diferentes colexios nos dous días de concentración que tiveron lugar nesta tempada.





## 5.2 CAMPUS DE VIGO

### RUOBY

Equipos:

#### - Sénior masculino en división de honra

Na súa segunda tempada na máxima categoría conseguiu a permanencia e quedou de décimo clasificado. Tamén disputou a Copa do Rei. Foron habituais da selección española absoluta Alexandre Blanco, Francisco Usero e Carlos Blanco. Adolfo Rodríguez Uruburo foi tamén convocado a unha concentración da selección española.

Selección española de rugby 7: Carlos Blanco.

Selección Galega: Carlos López Márquez, Alejandro Blanco, Javier A. Parga, Adolfo Rodríguez, Rubén Rodríguez, Francisco Usero, Joaquín Maguna, Marcos Muñiz, Daniel Vázquez, Javier Abadía e Adrián Fernández.

#### - Sénior masculino en primeira rexional da Federación Galega de Rugby

Remataron primeiros na Liga regular e perderon en semifinais polo título de liga. Terceiro posto final.

#### - Sénior masculino en segunda rexional da Federación Galega de Rugby

No seu primeiro ano na competición acadaron o sétimo posto na segunda categoría rexional.

#### - Sénior feminino en competición rexional

Terminaron en terceiro lugar na competición e achegaron catro xogadoras para representar a Galicia no campionato estatal de seleccións territoriais. Tamén Sara Silva representou a España no Campionato de Europa Universitario na modalidade de rugby 7. Vigo RC: Sara Silva, Carmen Mariño, Estela Rodríguez e M.<sup>a</sup> Carmen Rodríguez.

#### - Equipo sub-20

Terminou en segundo lugar na competición rexional. Achegou cinco xogadores á selección galega sub-20: Luis Lago, Víctor Moral, Fernando Filgueira, Pedro González e Braís Sánchez.

#### -Equipo sub-18

Quedou cuarto na súa competición e achegou un xogador á selección galega, Antón Álvarez.

#### - Rugby base

O club segue medrando con 200 nenas e nenos na escola que participaron en concentracións en Madrid, Valladolid, Gijón e Coímbra (Portugal).

### XADREZ

Número total de licenzas federativas: 54 (35 en categoría absoluta, 3 en categoría feminina, 4 en categoría veterano e 12 en categorías inferiores).

#### Equipos:

- Un equipo na Liga galega de división de honra (de xaneiro a maio):

Campión da fase regular da Liga galega. Campión galego de clubs 2013 (segundo ano consecutivo)

- Un equipo na primeira división galega (equipo para promoción da canteira)

- Un equipo na terceira división galega (proxecto escolar integrado por 10 menores de 12 anos)

#### Campionatos:

- Campionato de España de Primeira División Linares (Xaén, do 19 ao 25 de agosto de 2013)

O Universidade de Vigo de novo na elite do xadrez nacional. Rematou a tempada entre os 20 mellores equipos de España.

#### Competicións federadas individuais:

- Campionato Galego Veterano (Padrón, do 23 ao 29 de marzo)

Avelino Leirós Vila, campión galego veterano 2013.

#### Competicións internacionais:

- XXXV Taça de Portugal

Os mestres internacionais da Universidade de Vigo Manuel Pena mais Roberto Paramos acadaron o Campionato Nacional de Portugal co equipo Academia Xadrez de Gaia.

#### Corpo técnico:

Adestradores da Universidade de Vigo. Roberto Paramos Domínguez: mestre internacional de xadrez e adestrador nacional. Pablo García Castro: diplomado en Ciencias da Educación, especialidade Educación Física, mestre internacional de xadrez.



## 5. SECCIÓNS FEDERADAS



### TENIS

#### Equipos:

- Masculino absoluto, formado por seis xogadores no A e dezasete no B.
- Feminino absoluto, formado por nove xogadoras.
- Masculino +35, formado por doce xogadores.

### ORIENTACIÓN

39 Número de licenzas: 28 homes e 11 mulleres)

#### Competicións:

- Cinco últimas probas da XXI Liga Galega de Orientación (cuarto posto na clasificación xeral por equipos, dun total de 25).
  - Cinco primeiras probas da XXII Liga Galega de Orientación (terceiro posto da clasificación galega O-Pie 2013 a falta de tres probas para a conclusión da Liga).
- Individualmente destaca o segundo posto en damas-élite de Isabel Pastoriza Santos e o cuarto de Ana Iglesias Junzalvos en damas-35.
- Destaca o levantamento do novo plano Universidade, Parque do Coñecemento de 2,4 km<sup>2</sup>, ampliación do existente no campus universitario de Vigo cara ao parque forestal de Beade, traballo da sección de orientación e cartógrafos portugueses.

### CARREIRAS POPULARES

Número: 15 atletas (tres mulleres e doce homes, dos cales seis son estudantes, cinco PDI/PAS, dous ex-alumnos e dous corredores con acordo de uso).

#### Competicións:

- 23/09/2012. I Budiño Trail 2012, O Porriño (20 km)
- 29/09/2012. XV Milla Urbana Concello de Marín (1600 m)
- 14/10/2012. VI Carreira Popular Vigo +11 (11 km)
- 28/10/2012. XXXV Carreira Pedestre Popular Camiño de Santiago (12 km)
- 18/11/2012. XXXVI Carreira Pedestre Popular do San Martiño, Ourense (10 km)
- 24/11/2012. Trail Amigos da Montanha, Barcelos, Portugal (25 km)
- 31/12/2012. VIII San Silvestre Solidaria Viguesa (6000 m)



13/01/2013. II Correndo por Vigo, barrio do Calvario (10 km)

10/02/2013. II Trail Vive Bembrive

24/02/2013. 10 km Iterruning Piñeiro Porriño 2012

10/03/2013. 10 km Cidade Universitaria 2013, Vigo

17/03/2013. XIV Vig-Bay 2013 (media maratón)

17/03/2013. Marató Barcelona (maratón)

31/03/2012. II Trail de Alvelos, Barcelos, Portugal

14/04/2013. MiniTrail/Trail Serra do Galiñeiro, Gondomar (10 km/20 km)

25/05/2013. Trail Aldeas do Courel (37 km)

#### Resultados destacados:

10 km Cidade Universitaria: Iván Marote, campión na categoría masculina universitaria e décimo sétimo na clasificación xeral; Paula Diz segunda en mulleres universitarias e oitava na clasificación xeral.

Trail Vive Bembrive: Paula Diz acadou o primeiro posto na categoría xeral feminina.

Trail Aldeas do Courel: Paula Diz terceira clasificada na categoría xeral feminina.



## 6. EVENTOS



### 6.1. ORGANIZADOS POLO SERVIZO DE DEPORTES

#### VII 10 KM CIDADE UNIVERSITARIA CARREIRA + ANDAINA (EVENTO VERDE) (10 DE MARZO, CAMPUS DE VIGO)

O evento estivo marcado pola climatoloxía adversa, que reduciu a inscrición a preto de 750 persoas e a saída de participantes a só 620, dos que chegaron á meta 595.

Tres aspectos importantes contribuíron a facer máis valioso este evento: a compoñente solidaria, xa que se lle doou ao proxecto Discamino un euro de cada inscrición; unha andaina organizada de xeito paralelo cunha lonxitude de 17 km que transcorreu polo contorno do campus e chegou ata o alto do Galiñeiro; e a consideración de determinados aspectos para reducir, na medida do posible, os efectos deste evento no medio natural.

A gala de entrega de premios estivo amenizada polo xornalista deportivo Terio Carrera e o humorista Pepo Suevos.

A Universidade de Vigo compensará a pegada de carbono do Trofeo, calculada en 10 kg de CO<sub>2</sub> por asistente, plantando 54 árbores autóctonas en vindeiras datas dentro do campus.

Dado o carácter do evento, a principal fonte de emisións foi o transporte dos participantes e do público ao campus, polo que, a través de enquisas, tentouse coñecer en que tipo de medio se desprazaron, desde onde e a ocupación de cadanseu vehículo. Os resultados amosan que froito deste evento se xeraron 4141 kg de CO<sub>2</sub>, o que representa unha media de 10 kg por asistente á carreira.

#### XXI GALA DO DEPORTE UNIVERSITARIO (29 DE NOVEMBRO, CENTRO SOCIAL NOVACAIXA BALICIA DE VIGO)

A gala contou coa participación como padriños de dous dos deportistas máis importantes da historia da nosa comunidade autónoma, Javier Gómez Noya e David Cal. Entre as novidades, destacaron a creación e a entrega de dous premios.

O primeiro, denominado Premio Vida, nace coa intención de destacar a traxectoria persoal e deportiva dun deportista na súa madurez. Nesta primeira ocasión a persoa elixida é o atleta olímpico vigués Carlos Pérez Alonso.

O segundo, denominado Premio ao Valor Solidario, pretende identificar proxectos que sirvan como modelo de boas prácticas na utilización do deporte como vehículo de integración social. Nesta primeira edición o proxecto elixido foi Discamino, liderado por Javier Pitillas.

No transcurso da gala fíxose entrega dos IV Premios á Excelencia Deportiva, en que foron destacados os oito estudantes da Universidade de Vigo (catro homes e catro mulleres) que xuntaron máis méritos na suma dos seus resultados deportivos e académicos.

A gala conduciuna o presentador da Televisión de Galicia Alfonso Hermida e no seu curso entregáronse un total de 33 galardóns aos deportistas máis destacados da comunidade universitaria.

#### XXVI XOGOS DEPORTIVOS UNIVERSITARIOS GALAICO-DURIENSES (CO-ORGANIZACIÓN) (21 E 22 DE NOVEMBRO, PAVILLÓN GIMNODEPORTIVO DO COMPLEXO DEPORTIVO DE MELGAÇO)

As universidades de Minho, Porto e Vigo constituíron o comité organizador dos XXVI Xogos Galaico Durienses. A competición tivo lugar nas modalidades de voleibol

#### CATEGORÍA MASCULINA

1º	Robertas Geralavicius	31'31"
2º	Akka Essaadaoui	31'33"
3º	Elías Domínguez	31'56"

#### CATEGORÍA FEMININA

Yolanda Rodríguez	37'52"
Carmen Pena	39'20"
Esther Pedrosa	38'41"

#### TROFEO UNIVERSIDADE DE VIGO DE ORIENTACIÓN (EVENTO VERDE) (8 DE XUÑO, CAMPUS DE VIGO)

O Servizo de Deportes calculou a pegada ecolóxica do evento e para compensala plantou árbores frondosas, o que fixo así visible o compromiso co medio natural que ten este deporte. A proba, puntuable para a Liga galega, contou coa participación de preto de 400 corredores na estrea dun novo mapa que, baixo o nome de Universidade, Parque do Coñecemento, ten o dobre de superficie que o plano anterior: 2400 m<sup>2</sup> fronte aos 1170 que tiña o anterior. Deste xeito auméntase o percorrido na zona norte do campus ata o parque forestal de Beade.

A carreira desenvolveuse en dezasete categorías que empregaron nove percorridos diferentes, desde a iniciación para nenos e nenas ata a elite, que foron os que completaron a totalidade do percorrido do plano.

O Servizo de Deportes apostou firmemente desde o 2001 polas carreiras de orientación e conta cunha sección específica coordinada por José Luis Armada.





mixto, baloncesto mixto e tenis de mesa en categorías masculina, feminina e mixta.

Participaron 180 deportistas das universidades de A Coruña, Vigo, Porto, Minho, Trás-os-Montes e Alto Douro, e o Instituto Politécnico de Viana.

### CONCURSO EN LIÑA DÁLLES PASO (XUÑO E XULLO, FACEBOOK)

Este concurso desenvolveuse en colaboración coa Unidade de Igualdade da propia Universidade de Vigo. Incluía de xeito enlazado as modalidades de fotografía, relato curto e vídeo. En todos os casos os traballos debían ter como base a participación feminina no eido deportivo, amosando contidos que contribúan a evitar os estereotipos de xénero e a fomentar a participación das mulleres en prácticas deportivas tradicionalmente desenvolvidas por homes.

A proposta gañadora foi de Rubén Martín Farré.

### PROGRAMA MUSIC & SPORT (XOVES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO, PAVILLÓN UNIVERSITARIO DO CAMPUS DE VIGO)

A Federación Galega de Ximnasia e o Servizo de Deportes programaron conxuntamente un programa de clases maxistras con diferentes actividades físicas nas que participaron unha media de 80 persoas.

Estas clases masivas desenvolvéronse co seguinte programa: o 31 de xaneiro, aeróbic; o 28 de febreiro, zumba e o 21 de marzo, pilates. A actividade foi de acceso libre, de carácter gratuíto e non requiría de inscrición previa.

### MARATÓN SOLIDARIO DE ZUMBA (20 DE DECEMBRO, PAVILLÓN UNIVERSITARIO)

Contou coa participación de máis de 200 persoas grazas á colaboración das monitoras de zumba dos distintos ximnasia e academias de baile da cidade de Pontevedra. As persoas que asistiron doaron un 1 kg dun alimento non perecedeiro para o comedor dos padres franciscanos de Pontevedra.

### I CARREIRA SOLIDARIA DE ORIENTACIÓN CIDADE DE OURENSE (25 DE MAIO, ZONA VELLA DE OURENSE)

Esta primeira edición da carreira de orientación urbano-solidaria tivo tres categorías (<12 anos, >12 anos e >16



anos). Tiña como obxectivo atopar todas as referencias orientativas, xa fosen balizas homologadas, ou no caso da carreira A Esmorga (>16 anos), placas azuis distribuídas polo centro histórico da cidade. A inscrición consistiu na entrega dun quilo de comida non perecedeira, así como produtos de nutrición e hixiene infantil. As distintas probas foron as seguintes:

- Proba de orientación Correlleña (<12 anos)
- Proba de orientación nivel iniciación curta (>12 anos)
- Ruta literaria de orientación A Esmorga (>16 anos)

## 6.2. COA COLABORACIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES

### CAMPUS DE OURENSE

Curso de monitor deportivo polivalente (de xaneiro a marzo, edificio deportivo)

Realizado pola Federación Galega de Ximnasia.

### CAMPUS DE PONTEVEDRA

VI Xornadas de Comunicación e Deporte (29 e 30 de outubro, Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación)

Os contidos centráronse na imaxe do deportista como soporte de comunicación e contou coa participación dunhas 70 persoas.

### CAMPUS DE VIGO

Curso de monitor deportivo polivalente (de outubro a xaneiro, edificio do Servizo de Deportes)

Realizado pola Federación Galega de Ximnasia.


III Carreira Santa Bárbara (23 de novembro, zona deportiva do Campus)

A delegación de alumnos da Escola de Minas organizou por terceiro ano consecutivo esta carreira coa participación de preto de 100 persoas.

Escola de rugby universitaria (de outubro a xuño, campo de rugby)

O Vigo Rugby Club Universidade de Vigo organizou unha escola de rugby para nenos e nenas entre 6 e 12 anos.

## 6. EVENTOS



A actividade desenvolveuse os sábados pola mañá e esta tempada contou con 80 nenos e nenas.

### Torneo de Rugby Escolar (25 de maio)

O equipo de rugby da Universidade organizou un torneo de rugby escolar en que participaron 400 xogadores.

### Torneo de Rugby Touch (25 de xuño)

O equipo de rugby da Universidade de Vigo organizou un torneo internacional sénior de rugby touch cos equipos de València, La Laguna, Coímbra e Vigo.

### III Sláalom Automobilístico Cidade Universitaria (7 de abril)

O Sláalom de Coches Cidade Universitaria está organizado pola escudaría universitaria Enxes Motor, formada por alumnado da Escola de Enxeñaría Industrial e de Telecomunicacións, coa colaboración da Vicerreitoría de Extensión Universitaria. A competición, puntuable para o campionato galego desta especialidade, congregou ao redor de 2000 persoas, entre participantes e público.

### Campus Camp (do 25 de xuño ao 31 de xullo e do 2 ao 10 de setembro)

Un ano máis, as nenas e nenos dos colectivos PDI e PAS con idades comprendidas entre os 6 e os 13 anos puideron usar, grazas á iniciativa Campus Camp, as instalacións do Servizo de Deportes para o desenvolvemento de actividades lúdico-deportivas coa finalidade de facer máis doado que o persoal da Universidade de Vigo poida compatibilizar a vida profesional coa familiar.

### Proxecto Descubrindo o Norte (31 de maio)

Ciencia e deporte para achegar a máis de 70 nenos e nenas de 5.º e 6.º de primaria dos colexios vigueses Escultor Acuña e Carballal ao deporte de orientación e a divulgación científica.

Arrancou hai tres anos da man dos profesores destes dous colexios co obxectivo de completar a formación do seu alumnado, para que puideran poñer en práctica o que aprenden nas aulas e coa modalidade de carreiras de orientación como referencia. En colaboración co responsable da sección de orientación do Servizo de Deportes, José Luis Armada, botouse a andar esta iniciativa.



### Colaboración da sección de orientación co programa Xogade (de xaneiro a marzo)

A sección de orientación da Universidade de Vigo actúa como coordinadora deste deporte para os centros escolares, promovido pola Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O persoal da sección de orientación organizou charlas, cursos e actividades para dar a coñecer o deporte de orientación en 16 centros educativos galegos (oito en Pontevedra, cinco en Ourense, dous na Coruña e un en Lugo).

## 6.3. SEDES DOUTRAS ACTIVIDADES E EVENTOS

### CAMPUS DE OURENSE

#### Campionato Galego Absoluto de 10 000 metros Campus de Ourense (24 de marzo, pista de atletismo)

A pista do campus acollía a súa primeira competición dentro do ámbito federativo e estreouse co Campionato Galego Absoluto de 10 000 metros que se celebrou conxuntamente co campionato provincial. Foi unha competición organizada polo Club Deportivo Aurum. Na carreira masculina proclamouse vencedor Rubén Diz, por diante de Javier Paredes e Víctor Xosé González. En categoría feminina a gañadora foi a atleta Soledad Castro, seguida de Iria Fernández e Sonia Teijeiro.

#### Technium Lan Party Campus de Ourense (do 12 ao 14 de abril, pavillón)

Un evento en que os participantes amantes das novas tecnoloxías puideron participar en concursos, torneos ou conferencias, entre outros, ademais de compartir experiencias.

#### 5.ª Xornada da XXX Copa Deputación de Atletismo ao Aire Libre, categorías cadete, xuvenil e absoluta (17 de maio, pista de atletismo)

Organizada pola delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo. Tivo 13 probas en categoría masculina e 9 na feminina.

#### Gran Premio de Atletismo Festas de Ourense, Club Deportivo Aurum

O Club Deportivo Aurum foi o organizador do campionato de atletismo celebrado con motivo das





festas da cidade ourensá que tiña a súa sede na pista de atletismo do Campus de Ourense.

**Cristerium Ciclista Os catro días de Ourense (do 28 ao 31 de marzo)**

Disputáronse na provincia ourensá un conxunto de probas con diferentes percorridos en bicicleta. A última xornada foi un circuíto polo municipio de Ourense en que se deu saída, inscricións e utilización de vestiarios por parte do campus aos ciclistas que participaron na carreira.

**I Encontro Europeo de Xogos Tradicionais Ludaria (do 20 ao 23 de xuño)**

Durante estes días representantes de toda Europa, de diferentes asociacións e federacións culturais e deportivas relacionadas cos xogos tradicionais, déronse cita na cidade de Ourense. Exposicións, encontros escolares, demostracións de xogos populares, conferencias e coloquios serviron para favorecer o desenvolvemento e a práctica destes xogos e deportes e reforzar o carácter integrador das diferentes culturas e costumes.

**Campus Amencer (do 15 ao 19 de xullo, pavillón)**

A través de Mañás lúdico-deportivas, este proxecto iniciou a infancia e a mocidade no deporte do voleibol ao tempo que contribuíu á súa educación en valores.

**Campus Auria (xuño e xullo)**

Organizado polo equipo de balonmán Auria, estivo dirixido a nenos e nenas desde os 6 ata os 16 anos.

**Campus Camp (xullo e agosto)**

Actividade dirixida a nenos e nenas de entre 3 e 13 anos que sexan fillos dun membro da comunidade universitaria.

**Ciclo Indoor. AQA (de xaneiro a maio, pavillón)**

En colaboración coa piscina universitaria do Campus de Ourense AQA, todos os luns e mércores de 20.00 h a 21.00 h, os monitores de AQA imparten a actividade.



**CAMPUS DE PONTEVEDRA**

**Trimaratón (20 de novembro)**

Organizado polo Club de Ciencias da Actividade Física e o Deporte (CAFYD) participaron un total de 120 deportistas que competiron nas modalidades de fútbol sala, balonmán e baloncesto.

**Veladas de Boxeo e Kick Boxing (14 de decembro e 10 de maio, pavillón universitario)**

Participaron 24 deportistas, 20 afeccionados e 4 semiprofesionais, e destacou a grande afluencia de público.

**Festa HQR (28, 29 e 30 de decembro, pavillón universitario)**

Un ano máis o Servizo de Deportes colaborou co Diario de Pontevedra nesta festa do deporte de Pontevedra e a súa comarca. Nesta ocasión o pavillón acolleu as competicións de fútbol sala e baloncesto con máis de 200 nenas e nenos.

**Clase maxistral de chikung de saúde (febreiro)**

O mestre internacional de chikung, Sr. Yujianyang, membro honorífico da Asociación Estatal Chinesa de Chikung de Saúde, impartiu un seminario de especialización en que participaron máis de 100 persoas.

**Campionato Provincial Escolar e de Promoción de Ximnasia Rítmica (19 de maio)**

Participaron máis de 250 deportistas.

**Campionato Galego de Sabre (1 de xuño)**

Contou coa participación de máis de 150 nenos e nenas menores de 12 anos e miniesgrima.

**CAMPUS DE VIÑO**

**Campus de baloncesto do Seis do Nadal (do 15 ao 21 de xullo)**

O equipo de baloncesto Seis do Nadal organizou un campus de baloncesto para máis de 100 nenos e nenas nas instalacións deportivas.





**Campus de fútbol da E. D. Vigo 2015 (do 8 ao 14 de xullo)**

**Campus de karate do club deportivo Avalon Kai de Santiago de Compostela (do 8 ao 12 de xullo, pavillón universitario)**

**Seminarios do Máster en Artes Escénicas da Facultade de Filoloxía e Tradución (abril, edificio do Servizo de Deportes)**

**Curso de iniciación para adestradores de baloncesto (decembro)**

A Federación Galega de Baloncesto organizou este curso teórico-práctico no que se usou tanto o pavillón como a sala de seminarios do edificio do Servizo de Deportes.

**Adestramentos de fútbol 8 do colexio O Castro International School de Vigo (novembro, campo de fútbol de céspede artificial)**

O colexio O Castro organizou estas xornadas para achegar os nenos de 7 e 8 anos á modalidade de fútbol 8.

**Curso de electroestimuladores Compex pola empresa Program Training (6 de novembro, edificio do Servizo de Deportes)**

Serafín Martínez, da empresa Program Training, organizou unha demostración con acceso gratuíto na aula de cursos.

**Oposicións a policía local do Concello de Gondomar (13 de maio)**

O Concello de Mos realizou as probas de acceso para o corpo de Policía Local nas instalacións deportivas do campus.

**Exames técnicos para árbitros da Federación Galega de Fútbol (24 de novembro e 1 de decembro)**

O campo de fútbol e a pista de atletismo servíronlle ao Comité Técnico Galego de Árbitros de Fútbol para realizar os exames técnicos nos cales participaron 160 árbitros da provincia de Pontevedra.

**Probas físicas para árbitros da Federación Galega de Fútbol (setembro e maio)**

O Colexio de Árbitros de Fútbol de Vigo utilizou un día ao mes a pista de atletismo para realizar os seus adestramentos.

**Curso Sportident pola Federación Galega de Orientación (11 de maio)**

A Federación Galega de Orientación realizou nas dependencias do edificio do Servizo de Deporte un curso de cronometraxe Sportident.

**Prácticas do Curso de adestrador da Escola Galega de Adestradores de Fútbol (12, 19 e 26 de abril, campo de fútbol do campus)**

**Programa de formación permanente de profesorado: curso Coida as túas costas (marzo, edificio do Servizo de Deportes)**

A Área de Formación e Innovación Académica da Universidade realizou esta actividade na sala de ioga do edificio de Deportes durante as tardes do mes de marzo.

**Obradoiro A voz como ferramenta de traballo (15 de abril, edificio do Servizo de Deportes)**

O Servizo de Prevención impartiu este obradoiro na aula do edificio de Deportes a través da empresa Unipresalud.

**Obradoiro de risoterapia (19 de febreiro, edificio do Servizo de Deportes)**

Organizado polo gabinete psicopedagóxico da Universidade de Vigo.

**Actividades deportivas do colexio Vigo (6 de maio, campo de fútbol)**

O alumnado de primaria desenvolveu diferentes actividades lúdico-deportivas.

**Xornadas Escolares de Iniciación ao Atletismo xunto co Servizo Provincial de Deportes da Xunta (20 de marzo)**

O instituto Augas da Laxe de Gondomar celebrou unhas xornadas de coñecemento do atletismo para alumnado de educación secundaria.



## 7. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E DIVULGACIÓN



### 7.1. PROGRAMA DE RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS POR PRÁCTICA DEPORTIVA

Algunhas das iniciativas organizadas desde o Servizo de Deportes contan co correspondente recoñecemento académico polo valor formativo da propia participación en actividades deportivas.

#### - Créditos por participación en escolas deportivas

Campus de Pontevedra: aeróbic + powerpump, pilates, tenis, danzas orientais e artes marciais, taichí e xadrez.

Campus de Ourense: tenis, xadrez, pádel e rugby.

Campus de Vigo: aquagym, ioga, natación, tenis, orientación e xadrez.

#### - Créditos por participación no programa de rutas culturais

Por cada tres rutas nas que se participe concédese un crédito ECTS, ata un máximo de 2 ECTS

#### - Créditos por asistencia a competicións interuniversitarias

Estudantes que representan a Universidade de Vigo en fases finais dos campionatos de España universitarios.

Estudantes que participan en campionatos mundiais e europeos universitarios, ademais de universiadas.

#### - Créditos por representar a Universidade de Vigo en competicións federadas

Estudantes que representen a Universidade de Vigo con algún dos seus equipos en competicións federadas oficiais.

#### - Créditos por participación en actividades de voluntariado deportivo e eventos de alto nivel

Voluntariado dos 10 km Cidade Universitaria, campionatos do mundo universitarios e de España.

#### - Créditos por participación no programa ponte en forma.

Concédese un crédito ECTS por 30 horas de práctica deportiva.

### 7.2. BOLSAS E PRÁCTICAS DO ALUMNADO

Varios e varias estudantes tiveron a oportunidade de incorporarse ao Servizo de Deportes e adquirir experiencias pre-profesionais a través do seu programa de bolsas de formación complementaria e de colaboración.

Así, as persoas beneficiarias das bolsas iniciáronse en tarefas que estaban vinculadas aos seus estudos ou lles servían de aprendizaxe laboral en tarefas relacionadas con estes ao se incorporaren a un contorno de traballo real na administración universitaria.

#### Bolsas de formación complementaria nos eidos da internacionalización e a comunicación (Campus de Vigo)

Durante o curso convocáronse dúas bolsas:

- Bolsa para a mellora da comunicación en liña (redes sociais) do Servizo de Deportes, destinada ao alumnado de último curso de licenciatura ou dos graos en Publicidade e Relacións Públicas ou Comunicación Audiovisual, así como ao alumnado de mestrado que teña relación con este tipo de contidos.

- Bolsa para apoio á internacionalización do Servizo de Deportes, destinada a alumnado de último curso das licenciaturas en Filoloxía Inglesa ou Tradución e Interpretación ou dos graos en Linguas Estranxeiras ou de Tradución e Interpretación, así como ao alumnado de mestrado que teña relación coa lingua inglesa.

A duración das bolsas é de 8 meses cunha dedicación de 20 horas semanais.

#### Bolsas de colaboración nas accións de mellora da calidade (Campus de Vigo)

En colaboración coa Área de Calidade convócase anualmente unha bolsa de colaboración que serve á persoa seleccionada para mellorar e adquirir competencias relativas á xestión documental, organización de procedementos de avaliación de servizos, tratamento da información e organización e xestión de procesos. A través desta colaboración o Servizo de Deportes aborda anualmente os labores de análise da calidade percibida polos seus usuarios.

A bolsa comprende un total de 350 horas empregadas en tres tipos de tarefas:

- Adaptación do cuestionario e deseño da enquisa (abril)
- Recollida de datos (maio)





- Tratamento da información, realización de análises e presentación de informes (setembro a novembro)

### Bolsas do programa Erasmus Prácticas (Campus de Vigo)

En colaboración coa Oficina de Relacións Internacionais incorporouse o 1 de xullo de 2013 unha alumna da Universidade de Ljubljana (Eslovenia) co fin de realizar o período de prácticas do máster en Pedagogía e Psicoloxía que viña cursando nesa universidade. O seu labor estivo centrado na programación de actividades relacionadas co ensino e a promoción do deporte de orientación e o *xeocaching*.

### Prácticas de alumnado do Máster de Xestión Empresarial do Deporte (Campus de Ourense)

Unha alumna desenvolveu no Servizo de Deportes o seu período de prácticas correspondente ao Máster en Xestión Empresarial do Deporte de febreiro a maio de 2013.

### Prácticas de alumnado do TAFAD (Campus de Ourense)

Dous alumnos desenvolveron no Servizo de Deportes a súa fase de prácticas desta titulación, de outubro a decembro e de marzo a xuño, respectivamente.

### Prácticas do alumnado dos programas de cualificación profesional Inicial (PCPI) (Campus de Ourense)

Unha persoa colaboradora de febreiro a xuño de 2013, grazas a un convenio de integración laboral para persoas con síndrome de Down.

Unha persoa en prácticas do módulo de Administración de empresas, de xuño a xullo.

### Bolsas para o alumnado colaborador

O traballo do servizo non sería posible sen o bo facer dos bolseiros e bolseiras que día a día participan activamente na organización de actividades, recollida de datos para enquisas e coordinación de competicións. Sen eles e elas non sería posible levar a cabo o extenso programa deportivo que se oferta.

Neste curso académico o Servizo de Deportes convocou 38 bolsas de colaboración, distribuídas segundo diferentes funcións:

#### Campus de Ourense

Bolsas de colaboración de centro: 8

Bolsas de arbitraje: 8

#### Campus de Pontevedra

Bolsas de colaboración de centro: 2

Bolsas de arbitraje: 9

Bolsas de coordinación de rutas culturais: 1

Bolsa de socorrista: 1

#### Campus de Vigo

Bolsas de colaboración de centro: 6

Bolsas de arbitraje: 3 (de coordinador/a de competición, de árbitros e de competición, unha de cada, no campus situado na rúa do Conde de Torrecedeira).

## 7.3. PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS E XORNADAS

### Congreso de Ciencias do Deporte de Pontevedra

O Servizo de Deportes participou no IX Congreso Nacional de Ciencias do Deporte que se celebrou en Pontevedra do 9 ao 11 de maio coa presentación dun póster sobre o seu modelo de prevención da morte súbita cardíaca nas súas actividades. Segundo os datos, un 9,9 % das persoas que se inscribiron durante o curso 2012/2013 nas súas actividades presentaba un risco elevado ou moi elevado para a práctica de exercicio físico segundo os criterios do ACSM.

### Xornadas Nacionais de Deporte Universitario

Durante os días 29 e 30 de outubro de 2012 celebráronse na Universidade de Zaragoza as Xornadas Nacionais de Deporte Universitario, ás que o Servizo de Deportes foi invitado a participar na área temática «Casos de éxito na promoción de estilos de vida saudables» coa presentación do relatorio Estrutura. Liderando o Proxecto de Universidade Saudable na Universidade de Vigo.

### I Xornadas de Deporte Universitario de Cataluña

Javier Rial, responsable do Servizo de Deportes, foi convidado a participar como relator na I Xornada d'Esport Universitari Català, celebrada no Campus de Catalunya (Univesitat Rovira i Virgili de Tarragona) entre os días 12 e 13 de marzo de 2013.






A súa presentación encadrouse dentro do programa inaugural en que participou Iván Tibau, secretario xeral de Deportes da Generalitat de Cataluña e estivo centrada en presentar os principais modelos deportivos universitarios existentes en Europa.

### **I Obradoiro de formación de mediadores en saúde**

Dentro do programa de actividades do proxecto Campus ConVida celebrouse nos meses de marzo e abril de 2013 un curso dirixido a membros da comunidade universitaria, enfermeiros, psicólogos, traballadores sociais, fisioterapeutas, médicos e farmacéuticos. Dentro do curso tratáronse temas diversos como a promoción de estilos de vida máis activos, necesidades nutricionais e composición corporal, a identidade sexual ou o deseño de programas de prevención e promoción da saúde.

O Servizo de Deportes desenvolveu un módulo de catro horas en que se explicaban as súas estratexias para facilitar a incorporación de novas usuarias e usuarios á actividade físico-deportiva regular.



## 8. OUTRAS ACTUACIÓNS



### 8.1. CALIDADE

#### Análise da calidade percibida polas persoas usuarias do servizo

Realizouse unha exhaustiva análise dos datos recollidos durante o curso 2011/2012 co obxectivo de detectar posibles áreas de mellora e implantar as medidas correctoras necesarias. Estes foron algúns dos aspectos sinalados en cada campus polas persoas usuarias como susceptibles de mellora:

- Campus de Pontevedra: contratar máis persoal, ampliar os horarios de apertura da instalación, instalar máis equipamento na cardio-fitness e implantar o proceso de inscrición en liña.

- Campus de Ourense: implantar un sistema de reserva en liña, realizar unha maior difusión das actividades, mellorar o equipamento e o mantemento das instalacións deportivas.

- Campus de Vigo: abrir a sala cardio-fitness durante as fins de semana e manter un maior horario de apertura no verán, mellorar o mantemento das máquinas da sala cardio-fitness e das bicicletas BTT, regular correctamente a auga quente das duchas, solucionar a non presentación dos equipos aos partidos e a baixa calidade dos árbitros das ligas universitarias, implantar un sistema de inscricións e reservas en liña, realizar unha maior difusión das actividades, mellorar a atención ao público recibida no pavillón e incrementar as prazas do programa de escolas deportivas.

Unha vez rematado todo este proceso de análise dos datos recollidos durante o curso anterior, púxose en marcha a nova recollida de datos. Nesta ocasión realizouse unha recollida telefónica de 605 cuestionarios distribuídos aleatoriamente entre o total da poboación usuaria das súas actividades. A enquisa constaba dunha serie de preguntas dirixidas a analizar aspectos xerais do funcionamento do servizo (oferta de actividades, difusión, atención recibida nas instalacións...).

#### Xestión de queixas e suxestións

O Servizo de Deportes dispón de diferentes vías de recepción das queixas ou suxestións das súas persoas usuarias: formularios electrónicos da páxina web do servizo, enderezo electrónico, Facebook ou as caixas de correo de queixas e suxestións existentes nas instalacións deportivas. Ao longo do curso recibíronse un total de 28 queixas ou suxestións:

- Campus de Ourense: o estado e o uso das instalacións (6)

- Campus de Vigo: a difusión das actividades (5), o sistema de pagamento (5), os horarios de apertura das instalacións (4) e o funcionamento das ligas (4).

### 8.2. INTERNACIONALIZACIÓN

#### III International Administrative and Teaching Staff Training Week

O Servizo de Deportes e a Oficina de Relacións Internacionais organizaron conxuntamente este evento ao que asistiron 56 profesionais de 36 universidades de 18 países europeos.

Esta terceira edición da International Administrative and Teaching Staff Training Week, desenvolvida entre o 5 e o 9 de maio nos campus de Pontevedra e Vigo, serviu para debater e intercambiar experiencias sobre estratexias de motivación para achegar as persoas á práctica deportiva. Entre os relatores foi posible contar con Pedro Velázquez, xefe da Unidade de Deporte da Dirección Xeral de Educación e Cultura da Comisión Europea, e con Duarte Lopes, presidente da European Network of Academic Sport Services. Esta organización estivo tamén presente con todo o seu comité executivo, que celebrou en Vigo unha das súas xuntanzas periódicas.

#### Rede Europea de Servizos Deportivos Universitarios (ENAS) e xuntanza do seu comité executivo

Continuou durante o curso 2012/2013 a participación activa do Servizo de Deportes dentro da rede. Por unha banda, Javier Rial segue a formar parte do seu comité executivo, que celebrou por primeira vez unha xuntanza na Universidade de Vigo os días 8 e 9 de maio, aproveitando a celebración da International Staff Training Week. Por outra parte, Román Lago representou a Universidade de Vigo na conferencia anual da rede que tivo lugar en Lisboa durante a segunda semana de novembro de 2012.

#### Estratexias de comunicación en lingua inglesa

Ademais das dúas actuacións nomeadas, durante o curso 2012/13 o obxectivo da internacionalización apoiouse en estratexias concretas de funcionamento: creación da versión en inglés do sitio web do Servizo de Deportes, adaptación dun tríptico de presentación do servizo en lingua inglesa e elaboración de soportes promocionais



## 8. OUTRAS ACTUACIÓNS



para presentar as actividades e programas ao alumnado Erasmus.

Estas novas actuacións gozaron do apoio das bolseiras e bolseiros de formación complementaria nos eidos da comunicación e a internacionalización.

### 8.3. IGUALDADE

O Servizo de Deportes continuou coas liñas de actuación identificadas no Informe diagnose da igualdade na Universidade de Vigo (2009) como exemplo de boas prácticas: a incorporación da perspectiva de xénero seguiu a ser prioritaria.

Nesta liña a programación de actividades de iniciación deportiva e de competición, e mesmo a súa publicidade, estivo máis orientada ás preferencias das mulleres. Os resultados de participación seguen a reflectir melloras significativas.

Exemplos da relevancia da igualdade de xénero foron, entre outros, a inclusión dun módulo específico nas III International Staff Training Week ou a asistencia de persoal do servizo á I Xornada da Galega Universitaria de Xénero, ademais da concesión do I Premio Uviguala ou a mención como exemplo de boas prácticas no ámbito nacional segundo un estudo da Universidade da Coruña.

### 8.4. XESTIÓN AMBIENTAL

En setembro de 2012, logo de dous anos de traballo axustando os procedementos e controis en materia de xestión ambiental, e de superar auditorías tanto internas como externas, entregóuselle a certificación correspondente ao sistema de xestión ambiental ISO 14001: 2004 ao Servizo de Deportes dos tres campus.

Neste eido creouse unha sección específica dentro do sitio web do Servizo de Deportes, reorientáronse os principais eventos deportivos organizados de acordo con directrices específicas que os convierten en «eventos verdes» e publicáronse dúas guías de boas prácticas en xestión ambiental, unha centrada nas instalacións deportivas e outra nos eventos.



### 8.5. FORMACIÓN DO PERSOAL

#### Curso de actualización do manexo de DESA (5 de abril)

O persoal do servizo realizou un curso de reciclaxe e actualización en manexo de desfibriladores semiautomáticos (DESA) que foi impartido por persoal da Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia - 061. Esta formación realízase por esixencia legal cada dous anos e contou nesta ocasión cun total de 20 persoas asistentes.

#### Curso de ordenación xurídica do deporte (29 e 30 de xaneiro, edificio Servizo de Deportes)

Este curso, incluído no Plan de formación do persoal do Servizo de Deportes, estivo organizado polo Servizo de PAS da Universidade de Vigo. A duración total foi de 10 horas. O curso foi impartido por Eduardo Blanco Pereira (INEF Galicia, Universidade da Coruña) e asistiu a maior parte do persoal técnico do Servizo de Deportes dos tres campus.

#### Curso de mantemento de instalacións deportivas (22 e 23 de febreiro e 1 e 2 de marzo)

Esta actividade formativa realizouse na sala de videoconferencias do Campus de Vigo así como nas instalacións deportivas do campus.

Asistiron un total de 12 técnicos do Servizo de Deportes dos tres campus.

As clases foron impartidas por José Ángel Lago, técnico de deportes do Concello de Vigo e profesor da Facultade de Ciencias da Actividade Física e o Deporte do Campus de Pontevedra.

O programa incluíu os seguintes bloques temáticos: mantemento de instalación e equipamentos, pavimentos deportivos de interior e exterior, vestiarios e espazos auxiliares, limpeza, seguridade, sistemas contra incendios e instalacións técnicas.

#### I Xornada Galega Universitaria de Igualdade de Xénero (20 e 21 de xuño, Universidade de Santiago de Compostela)

Dous titulados superiores do Servizo de Deportes participaron nesta xornada celebrada no Centro de Estudos Avanzados. Os principais temas tratados foron: políticas públicas de igualdade, mulleres e mercado laboral, e corresponsabilidade e conciliación.



#### **Formación en idiomas (de outubro a xuño)**

Dous titulados superiores do Servizo de Deportes participaron con aproveitamento no curso de inglés nivel C1 organizado polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo.

## **8.6. RECOÑECIMENTOS RECIBIDOS**

### **I Premio Uviguala**

Na súa primeira edición este premio foille concedido ao Servizo de Deportes.

«Pola súa sensibilidade e compromiso coa igualdade entre as mulleres e os homes da Universidade de Vigo. Por facer unha programación orientada adecuadamente ás necesidades das mulleres. Polos seus esforzos para promocionar a actividade física entre as mulleres. Pola transmisión dunha imaxe igualitaria que rompe con estereotipos de xénero na difusión e publicidade da súa oferta de actividades. Polo emprego dunha linguaxe inclusiva e transgresora que invita as membras da comunidade universitaria á súa Gala do Deporte e por ser un exemplo de boas prácticas nun campo tan sesgado polo xénero como é o deporte» (Unidade de Igualdade).

### **Boas prácticas en igualdade de xénero**

Un estudo realizado por investigadores do INEF da Universidade da Coruña en 2012 situou o Servizo de Deportes da Universidade de Vigo e o SAF da Universitat Autònoma de Barcelona como os dous mellores exemplos de boas prácticas no conxunto do territorio español.

### **Auditoría positiva do sistema de xestión ambiental**

Auditoría durante o mes de maio de 2013 para avaliar o funcionamento do sistema certificado conforme a norma UNE-EN ISO 14001:2004 con data do 13 de xullo de 2012.



# 9.SERVIZOS E VANTAXES

## 9.1. TARJETAS DEPORTIVAS UNIVERSITARIAS

**TDU PONTE EN FORMA**  
TARXETA DEPORTIVA UNIVERSITARIA PONTE EN FORMA 2013 - 2014

Universidade de Vigo  
Servizo de Deportes

Nº \_\_\_\_\_

1º cuad.  2º cuad.  Anual

DNI \_\_\_\_\_

1º APELIDO \_\_\_\_\_

2º APELIDO \_\_\_\_\_

NOME \_\_\_\_\_

TEL. \_\_\_\_\_

E-MAIL \_\_\_\_\_

ESTUDANTE  PDI  PAS  OUTROS

PONTEVEDRA	TDU BÁSICA		TDU CGTD		TOTAL		TOTAL
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	
ALUMNADO	155	104	16	7	171	111	282
PDI	4	0	1	0	5	0	5
PAS	0	8	0	0	0	8	8
OUTROS	1	0	0	0	1	0	1
<b>TOTAL</b>	<b>160</b>	<b>112</b>	<b>17</b>	<b>7</b>	<b>177</b>	<b>119</b>	<b>296</b>

OURENSE	TDU BÁSICA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
ALUMNADO	248	209	457
PAS	3	4	7
PDI	6	7	13
OUTROS	36	8	44
<b>TOTAL</b>	<b>293</b>	<b>228</b>	<b>521</b>

OURENSE	TDC		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
EX - ALUMNADO	8	2	10
CON ACORDO DE USO	1	-	1
<b>TOTAL</b>	<b>9</b>	<b>2</b>	<b>521</b>

VIGO	TDU BÁSICA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
ALUMNADO	376	125	501
PAS	8	3	11
PDI	28	8	36
CON ACORDO DE USO	9	1	10
NON UNIVERSITARIOS	1	1	2
<b>TOTAL</b>	<b>422</b>	<b>138</b>	<b>560</b>

VIGO	TDC		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
ALUMNADO	59	43	102
PAS	3	11	14
PDI	11	2	13
<b>TOTAL</b>	<b>73</b>	<b>56</b>	<b>129</b>



**TDUBÁSICA 2013 - 2014**  
TARXETA DEPORTIVA UNIVERSITARIA BÁSICA

Universidade de Vigo  
Servizo de Deportes

Nº \_\_\_\_\_

1º cuad.  2º cuad.  Anual  Verán

DNI \_\_\_\_\_

1º APELIDO \_\_\_\_\_

2º APELIDO \_\_\_\_\_

NOME \_\_\_\_\_

TEL. \_\_\_\_\_


E-MAIL \_\_\_\_\_

OUTROS

**9.2. TARXETAS PONTE EN FORMA**

Un total de 270 persoas (60 % homes e 40 % mulleres) gozaron durante o curso dunha tarxeta Ponte en forma do Servizo de Deportes. Ademais de ter as vantaxes incluídas na tarxeta deportiva básica, tiveron acceso a programas personalizados de exercicio físico cun control médico-deportivo da práctica deportiva realizada.

Durante este curso incorporouse como novidade nos campus de Pontevedra e Vigo a posibilidade de compatibilizar as vantaxes desta tarxeta coas das tarxetas combinadas (Aqua, Dirixidas ou Dobre), o que puido ser a causa do aumento do número de persoas usuarias do programa Ponte en forma nestes dous campus en relación co curso anterior e respecto do campus ourensán.



**OURENSE**

	PEF BÁSICA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
ALUMNADO	16	12	28
PAS	15	11	26
PDI	22	14	36
OUTROS	0	3	3
<b>TOTAL</b>	<b>53</b>	<b>40</b>	<b>93</b>

**PONTEVEDRA**

	PEF BÁSICA		PEF CGTD		TOTAL		TOTAL
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	
ALUMNADO	33	17	1	2	34	19	53
PDI	0	1	0	2	0	3	3
PAS	0	2	0	0	0	2	2
OUTROS	0	1	0	0	0	1	1
<b>TOTAL</b>	<b>33</b>	<b>21</b>	<b>1</b>	<b>4</b>	<b>34</b>	<b>25</b>	<b>59</b>

**VIGO**

	PEF BÁSICA		PEF AQUA		PEF DIRIXIDAS		PEF DOBRE		TOTAL		TOTAL
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	
ALUMNADO	50	23	3	3	0	1	1	0	54	27	81
PDI	12	7	2	1	0	2	0	0	14	10	24
PAS	6	5	0	0	0	1	0	0	6	6	12
OUTROS	1	0	0	0	0	0	0	0	1	0	1
<b>TOTAL</b>	<b>69</b>	<b>35</b>	<b>5</b>	<b>4</b>	<b>0</b>	<b>4</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>75</b>	<b>43</b>	<b>118</b>



### 9.3. CENTROS DEPORTIVOS ABERTOS

Entre as súas estratexias para promover a práctica deportiva, o Servizo de Deportes traballa para establecer acordos de colaboración con centros deportivos. Así, os membros da comunidade universitaria poden acceder a centros deportivos privados e públicos próximos ao seu lugar de residencia en condicións moi vantaxosas.

OURENSE	1º CUADRIMESTRE		2º CUADRIMESTRE		TOTAL
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	
MARBEL	5	9	5	9	28
CAMINO PILATES		3		3	6
LA CASA DEL ELEFANTE		3		1	4
XIMNASIO 2000		11		12	23
DINAMICCENTER	5	3	5	3	16
SABROSURA		33	3	36	72
SARAIBA		4		4	8
AQA	15	8	9	6	38
<b>TOTAL</b>					<b>195</b>

VIGO	1º CUADRIMESTRE		2º CUADRIMESTRE		TOTAL
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	
AQUASPORT	16	21	28	18	83
COLISEUM	58	68	58	77	261
C.D. LANZALÍA	90	89	92	78	349
PROGRESSGYM	4	5	2	4	15
XIMNASIO C. SIMÓN	22	22	22	14	80
XIMNASIO EL CASTRO	0	2	0	1	3
XIMNASIO ESCOLA VIGO	0	1	0	0	1
XIMNASIO KIAP	9	1	7	0	17
XIMNASIO TAO	5	2	7	1	15

PONTEVEDRA	1º CUADRIMESTRE		2º CUADRIMESTRE		TOTAL
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	
CAMPOLONGO	18	37	14	34	103
ONSEN	3	1	2	1	7
<b>TOTAL</b>	<b>21</b>	<b>38</b>	<b>16</b>	<b>35</b>	<b>110</b>

### 9.4. DESCONTOS PARA A COMUNIDADE UNIVERSITARIA

A Universidade de Vigo a través do Servizo de Deportes asina tamén anualmente acordos de colaboración con outro tipo de empresas vinculadas ao eido do deporte: clínicas de fisioterapia, tendas de material deportivo e roupa de deporte, clubs deportivos etc.

Entidades colaboradoras: ximnasio Athenas, ximnasio El Castro, Estelas Náutica, Gaia Gestión Deportiva S. L., L. Max, Penta Deporte e Saúde S. L., Prado Surf Club, Deportes Jalda, Amad Promoción de Salud S. L., Fimega Fisioterapia Médica de Galicia S. L., Fisoestrada, Clínica de Rehabilitación Fisioursense, Galfisio CB, Fisioterapia Marga Sobrido e Centro Fisioterapia Urzáiz.



# 10. INSTALACIONES DEPORTIVAS



## 10.1. XESTIONADAS POLO SERVIZO DE DEPORTES

### CAMPUS DE OURENSE

#### Edificio deportivo

Pista polideportiva  
 Pistas de squash (2)  
 Sala de cardio-fitness  
 Zona de tenis de mesa  
 Área de xadrez  
 Servizo médico/Ponte en forma  
 Sala de fisioterapia

#### Zona deportiva exterior

Pista polideportiva  
 Pista de tenis  
 Pista de atletismo  
 Campo de herba sintética

#### Pistas de tenis

Escola Deportiva de Tenis  
 Club Tenis Dereito-Empresariais  
 Centro Formación TAFAD

#### Campos de fútbol 7

Club Rugby Universitario  
 Cafetería Graduado  
 Aurianet Rairo  
 Pavillón F7  
 Maristas Ourense  
 Colexio A Purísima  
 Empresa Montañesa  
 C. D. Ourense  
 Asociación Liga Fútbol Veteranos Ourense  
 Café Aventura  
 Policía local  
 Federación Galega de Balonmán  
 Asociación Máis 25

#### Pista de atletismo

Deportistas federados da provincia de Ourense  
 Academia Foris  
 Federación Galega de Atletismo

#### USOS DAS SALAS CARDIO-FITNESS

	OURENSE	PONTEVEDRA	VIGO
ALUMNADO	14.022	9795 (7378 homes e 2417 mulleres)	15.695 (12.866 homes e 2829 mulleres)
PAS/PDI	1305	634 (258 homes e 376 mulleres)	3787 (2965 homes e 822 mulleres)
PERSOAS NON UNIVERSITARIAS	8091	0	1620 (1418 homes e 202 mulleres)
<b>TOTAL</b>	<b>23.418</b> (19.008 homes e 4410 Mulleres)	<b>10429</b>	<b>21.102</b> (17.249 homes e 3853 mulleres)

#### OCUPACIÓN ANUAL POR INSTALACIÓN DEPORTIVA (OURENSE)

	TOTAL	UNIVERSITARIOS/AS	COMPETICIÓN INTERNAS	EXTERNOS/AS
PAVILLÓN PISTA CENTRAL	13.716	1449	2061	10.206
SQUASH	1461	162	12	1287
PISTA EXTERIOR DE TENIS	4059	261	-	3798
POLIDEPORTIVA	2511	198	-	2313
TENIS DE MESA	3096	2632	-	464
SINTÉTICO FÚTBOL-RUGBY	31.230	22.140	2538	6552
PISTA DE ATLETISMO	8649	1729	-	6920



## 10. INSTALACIONES DEPORTIVAS



### % HORAS DE OCUPACION ANUAL POR INSTALACION (OURENSE, 9 MESES)

	TOTAL	UNIVERSITARIOS/AS	COMPETICIONES INTERNAS	EXTERNOS/AS
PAVILLÓN PISTA CENTRAL	45 %	3 %	3,10 %	38,40 %
SQUASH	22 %	3 %	-	19,30 %
PISTA EXTERIOR DE TENIS	35 %	4 %	-	31 %
POLIDEPORTIVA	26,20 %	3 %	-	23,20 %
TENIS DE MESA	-	-	-	-
SINTÉTICO FÚTBOL-RUGBY	41 %	21 %	2,40 %	17,50 %

Campo de fútbol (céspede artificial)  
 Campo de rugby/fútbol (herba natural)  
 Circuito de footing  
 Pista de atletismo  
 Pista de petanca  
 Pista polideportiva (con tres pistas de tenis)  
 Pistas de tenis (dúas)

### Edificio técnico-administrativo

Sala de xadrez  
 Sala de ioga  
 Aula de seminarios

## CAMPUS DE PONTEVEDRA

### Instalacións de uso colectivo

Pavillón polideportivo e tenis de mesa

Pavillón polideportivo: 3350 h posibles de reserva durante o ano

Reserváronse 2408 h, cifra que supón o 71,88 % das horas disponibles. Por outra parte, as reservas dividíronse en:

Universitarios/as	999 h	41,49 %
Non universitarios/as	246 h	10,21 %
Outros (ARXIL)	1163 h	48,30 %

As reservas son realizadas por mulleres ou para actividades relacionadas con elas en 1563 ocasións, o que representa un 64,91 % do total. O 35,09 % restante correspóndese coas reservas para homes, que alcanzaron a cifra de 845.

## CAMPUS DE VIGO

### Pavillón universitario

Pista polideportiva  
 Sala de cardio-fitness  
 Zona de tenis de mesa  
 Rocódromo

### Zona deportiva exterior

### USOS DAS INSTALACIONES

	TOTAL	UNIVERSITARIOS/AS	COMPETICIONES INTERNAS	EXTERNOS/AS
PAVILLÓN	36.216	1200	11.256	23.760
TENIS DE MESA	3385	3260	35	25
